

3.4. A localización do proxecto. Analizar o contexto do territorio e os servizos dispoñibles.

A dispoñibilidade de superficie para comezar o proxecto produtivo é un dos primeiros condicionantes cos que se ten que enfrontar a persoa NE. A avicultura artesanal non demanda moita superficie, pero presenta limitacións no tocante á ubicación da produción, tal e como xa se ten mencionado.

LOCALIZACIÓN E DISTANCIAS:

- 500 m. de distancia a explotacións avícolas industriais de calquera orientación zootécnica xa rexistradas e a outras instalacións que podan supoñer un risco sanitario como matadoiros de aves, fábricas de produtos para alimentación animal, vertedoiros ou plantas de tratamento de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano ou similares. Existen excepcións a estas distancias.
- 250 m. entre explotacións avícolas artesanais existentes.

Os posibles escenarios naqueles casos en que as persoas NE teñan que buscar terra para desenvolver o seu proxecto produtivo, descríbense de maneira exhaustiva na [Guía de apoio no acceso á terra dos novos entrantes no sector agrario](#) elaborada polo Grupo Operativo Terractiva e que completa a información desta guía.

En función da localización concreta da actividade e da clasificación urbanística do solo segundo o planeamento urbanístico aplicable e a normativa urbanística vixente, resultarán diferentes esixencias, de aí que esa información deba ser facilitada polo concello respectivo, con carácter previo á realización de ningún outro trámite, aos efectos de determinar a viabilidade urbanística da actuación. Así, nese momento é necesario recadar información na área de urbanismo do concello e verificar:


- Se o uso que se lle quere dar a parcela é admisible, así como se o tamaño é suficiente para situar o galiñeiro. Verificar o PXOM do Concello se existe ou as normas subsidiarias en caso contrario. Nese senso, tal como se recolle no artigo 87.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: “Toda persoa ten dereito a que o concello correspondente informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento no que se atope incluído. Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder de 2 meses dende a presentación da solicitude no rexistro municipal”.
- Se o Concello require proxecto asinado por un técnico ou é suficiente unha memoria valorada e un plano para obter a licenza municipal de actividade.
- Analizar se existen solucións técnicas que poidan facilitar os trámites como poden ser os galiñeiros móbiles en lugar de fixos.
- Que se cumpran as distancias esixidas pola lexislación aplicable.
- Analizar as afeccións sectoriais específicas, que inflúen tanto nas actividades admitidas como na materialización concreta das actuacións físicas necesarias, tales como novas

construcións ou reforma das existentes, por exemplo en materia de:

- Distancia a vías
- Existencia de elementos patrimoniais cerca.
- Distancia de cursos de augas (afeccións da Lei de Augas)
- Distancia de plantacións
- Outras estruturas como aeroportos (servidumes aeronáuticas)
 - i. Servizos (enerxía, auga, vivenda, servizos sociais)
 - ii. Acceso a insumos/servizos
 - iii. Infraestruturas
 - iv. Comunicacións

A información sobre as afeccións sectoriais que resultan aplicables a unha parcela pode consultarse por calquera interesado no portal do [Plan básico autonómico de Galicia](#). Dito portal consiste nun visor xeográfico no que poden visualizarse diferentes capas das diversas afeccións sectoriais.

Figura 7. Vista dalgunha das afeccións do territorio



Fonte: Plan básico autonómico de Galicia.

En todo caso é moi recomendable facer a consulta cos responsables técnicos do municipio no que se estea considerando iniciar a actividade.